

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016.

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, prevé na medida 7 actuacións dirixidas á mellora dos Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

Dado que a promoción do desenvolvemento rural galego debe abordarse desde unha perspectiva integral, prevese, dando continuidade á liña de proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, o apoio a actuacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) é un ente de dereito público creado especificamente mediante a Lei 3/1999, do 11 de marzo, que presta soporte á consellería competente en materia enerxética, e entre cuxas funcións destacan a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

Neste contexto danse as condicións para que o Inega xestione e tramite a presente liña de subvencións, co obxectivo de fomentar o aforro enerxético a través da utilización de fontes de enerxía renovables como son a xeotermia, aerotermia e solar térmica.

Precisamente o uso da xeotermia pode representar para Galicia un gran xacemento de nova actividade, e por iso, a Xunta de Galicia entende que é preciso facer unha aposta firme e realista de cara a futuro, materializando esta a través da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva. As subvencións centraranse na submedida 7.2 Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético do PDR 2014-2020.

As operacións da submedida 7.2 do PDR de Galicia que poidan afectar á competencia están amparadas, segundo o caso, no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do

CVE-DOG: nt1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, e no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola.

De acordo co anterior

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Aprobar as bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2016 para proxectos de equipamentos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que se xuntan a esta resolución como anexo I.

2. Aprobar os formularios para a xestión da convocatoria do ano 2016 que se xuntan a esta resolución como anexos II a VI.

3. Convocar para o ano 2016, en réxime de concorrência competitiva, as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos de enerxías renovables.

Artigo 2. *Financiamento*

1. A dotación máxima para financiar esta convocatoria é de 1.300.000 € que se distribuirá do seguinte xeito:

MEDIDA 7.2 Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético	Anualidade 2016	Aplicación orzamentaria
XEOTERMIA:	805.000 €	
Axudas a concellos	25.000	09.A2.733A.760.2
Axudas a empresas	74.000	09.A2.733A.770.2
Axudas persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro	706.000	09.A2.733A.782.0
AEROTERMIA e SOLAR TÉRMICA:	495.000 €	
Axudas a administración xeral da Comunidade Autónoma	35.000	09.A2.733A.714.1
Axudas a concellos	90.000	09.A2.733A.760.3
Axudas a empresas	90.000	09.A2.733A.770.3
Axudas persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro	280.000	09.A2.733A.782.1
TOTAL	1.300.000 €	

CVE-DOG: nt1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



2. A contía indicada poderá incrementarse en función das solicitudes presentadas e sempre que teña lugar unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa, segundo recolle o artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de dita lei. O aludido incremento debe publicarse no DOG e na páxina web do Inega (www.inega.es).

3. Este crédito está cofinanciado con fondos da seguinte procedencia: un 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da medida 7 actuacións dirixidas á mellora dos Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais e da submedida 2 Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, un 7,50 % polos Orzamentos Xerais do Estado e un 17,50 % polos orzamentos da Comunidade Autónoma.

4. O crédito máximo, segundo o tipo de beneficiario e tecnoloxía será o seguinte:

Grupo I: Xeotérmica.

Beneficiarios	Orzamento
Administración Local	25.000 €
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións	74.000 €
Axudas persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro	706.000 €
Total	805.000 €

Grupo II. Aerotermia.

Beneficiarios	Orzamento
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións	60.000 €
Persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro	220.000 €
Total	280.000 €

Grupo III. Solar térmica.

Beneficiarios	Orzamento
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións	30.000 €
Persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro	60.000 €
Total	90.000 €



Grupo IV. Aerotermia e solar térmica (Administración).

Beneficiarios	Orzamento
Administración Pública Autonómica e Local	125.000 €

5. A presente convocatoria tramítase polo procedemento anticipado de gasto. O outorgamento das subvencións queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 3. *Prazo para presentar as solicitudes e a documentación*

As solicitudes presentaranse segundo o modelo do anexo II desta resolución, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras. O prazo para presentar as solicitudes será de un (1) mes contado dende o 15 de xaneiro de 2016. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 4. *Prazo de resolución das solicitudes*

O prazo para ditar resolución expresa e notificala aos interesados será de tres (3) meses contados desde o día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de solicitudes. Se transcorre o prazo sen que recaese resolución expresa os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. *Prazos de execución e xustificación dos investimentos*

Os investimentos xustificaranse documentalmente de acordo co disposto nas bases reguladoras. O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o 15 de outubro de 2016. O feito de non xustificar correctamente ditos investimentos devirá en perda do dereito ao cobro da axuda concedida.

Disposicións adicional primeira

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o director do Inega, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.



Disposicións adicional segunda. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web do Inega (www.inega.es).
- b) No teléfono 981 54 15 00 (Inega).
- c) Presencialmente, no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5. San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela), previa cita no teléfono 981 54 15 00.

Disposición derradeira primeira

O director do Inega poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta execución desta convocatoria.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución será aplicable dende o día da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2015

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para o queceamento dun fluído mediante equipamentos que utilicen como fonte enerxética a xeotérmica, aerotérmica ou a solar térmica.

Artigo 2. *Requisitos e regras xerais*

Todos os proxectos deberán cumprir os requisitos seguintes:

1. Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude da axuda. Os solicitantes poderán iniciar a execución do proxecto unha vez presentada a solicitude.



2. Que se desenvolvan nas zonas rurais de Galicia. A definición de zona rural realízase por eliminación daquelas zonas consideradas densamente poboadas (urbanas) no seu territorio. No caso de Galicia, só teñen esa consideración de zonas urbanas os 7 concellos dos núcleos de poboación máis grandes da comunidade autónoma (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela). A Autoridade de xestión, xunto co Instituto Galego de Estatística, perfila as cuadrículas de estudo (1 km²) dentro de cada unha das zonas urbanas a nivel parroquia (unidade de poboación significativa do medio rural galego) definindo parroquias rurais, intermedias ou urbanas. As parroquias definidas como rurais ou intermedias serán admisibles aos efectos do fondo Feader.

Esta información pode ser consultada nos propios concellos ou na web:

<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es>.

3. Que sexan finalistas, é dicir, que no momento da certificación final cumpran os obxectivos para os que foron aprobados.

4. Que sexan viables tecnicamente.

5. Que se axusten á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) en materia enerxética.

6. Que se axusten ás especificacións indicadas nas presentes bases.

7. Que o promotor do proxecto non teña sido sancionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria pola comisión de infraccións en materia de subvencións no prazo de un ano se a infracción foi cualificada como leve, de dous anos se a infracción foi cualificada como grave ou tres anos se a infracción foi cualificada como moi grave. Os prazos computaranse desde a data de remate do prazo de presentación das solicitudes.

8. O beneficiario no caso de pago indebido quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao que se engadirán, no seu caso, os intereses. Non se aplicará a obriga de reembolso si o pago e froito dun error da autoridade competente ou de outra autoridade sen que o beneficiario puidera detectar razoablemente ese erro (artigo 7.1 e 3 do Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014).



Con carácter xeral os supostos de retirada total e parcial da axuda e a imposición de sancións administrativas o beneficiario veñen reguladas no artigo 63 do Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

9. O investimento para que a actuación sexa subvencionable deberá superar os 3.000 euros (IVE excluído).

Artigo 3. *Conceptos subvencionables*

Serán subvencionables:

1. Equipamento principal de xeración enerxética (bomba de calor ou paneis solares).
2. O custe de montaxe e conxicionado.
3. Accesorios para o correcto funcionamento do sistema salvo os equipos emisores que non formen parte do equipo xerador e os elementos de distribución da calor fora da sala de caldeiras.
4. No caso da enerxía xeotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondeos, intercambiadores, acumuladores, tuberías, etc.

Artigo 4. *Conceptos non subvencionables*

Non son subvencionables:

1. O IVE, excepto cando non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre IVE.

En todo caso, os beneficiarios que gocen da exención do IVE, deberán acreditar esta circunstancia mediante a presentación do correspondente certificado emitido pola administración tributaria.

2. Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.
3. Os gastos anteriores á presentación da solicitude.



4. A reposición ou mera substitución de equipamentos existentes. A estes efectos enténdese por gastos de reposición ou substitución aqueles que se limiten a substituír unha máquina existente ou parte da mesma por unha máquina nova e moderna sen ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % ou introducir cambios fundamentais na natureza da produción ou tecnoloxía correspondente .

5. Equipamento e materiais non funxibles de segunda man.

6. A simple reposición ou substitución de equipamentos e maquinarias.

7. As obras de mantemento.

8. Os gastos de aluguer.

9. As taxas e licenzas administrativas.

10. Na adquisición de bens e servizos mediante contratos públicos os pagos efectuados polo contratista á Administración en concepto de taxa de dirección de obra ou control de calidade.

11. As conducións de distribución interior do calor e os equipos emisores, salvo cando estes sexan parte activa do circuíto de xeración térmica.

Artigo 5. *Normas específicas*

1. Co obxectivo de garantir ao máximo o aproveitamento enerxético do combustible e minimizar as emisións de substancias contaminantes á atmosfera, os equipos de xeración de calor deberán ser instalacións con avanzadas prestacións operativas, con elevados niveis de eficiencia enerxética e cun bo comportamento con respecto ao medio ambiente.

A tal efecto, as instalacións financiadas deben cumprir cos requisitos establecidos no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas de Edificios (RITE), así como calquera outra normativa nacional, rexional ou local que lles sexa de aplicación.

2. O investimento elixible máximo por potencia unitaria (excluído o IVE) estará limitado polas características dos sistemas segundo a seguinte táboa, adicionalmente na procura de instalacións de potencia racionais, habilitase a Comisión de Valoración para establecer



limitacións da potencia térmica elixible en función da aplicación (por exemplo en función da superficie a calefactar):

a) Xeotermia.

Tipoloxía	Características do equipamento	Rango de potencias	Investimento elixible máximo por potencia (€/kW)
A1	Instalacións con bombas de calor xeotérmicas con intercambio enterrado horizontal	$P \leq 10 \text{ kW}$	1.300
		$10 \text{ kW} < P \leq 30 \text{ kW}$	$1.300 - 10 \cdot (P - 10)$
		$30 \text{ kW} < P \leq 100 \text{ kW}$	$1.100 - 2 \cdot (P - 30)$
		$P > 100 \text{ kW}$	960
A2	Instalacións con bombas de calor xeotérmicas con intercambio enterrado vertical	$P \leq 10 \text{ kW}$	1.900
		$10 \text{ kW} < P \leq 30 \text{ kW}$	$1.900 - 25 \cdot (P - 10)$
		$30 \text{ kW} < P \leq 100 \text{ kW}$	$1.400 - 3 \cdot (P - 30)$
		$P > 100 \text{ kW}$	1.190

P: potencia térmica útil da bomba de calor (kW), debidamente xustificada coa documentación achegada, tal e como se indica no artigo 8 (Documentación complementaria).

b) Aerotermia.

O investimento elixible máximo será de 600 €/kW para as bombas de calor aire/auga e 400 €/kW para as aire/aire, sendo avaliada a potencia tal e como se indica no artigo 8 (Documentación complementaria).

c) Solar térmica.

Segundo a tecnoloxía utilizada, a contía máxima da subvención será a seguinte:

Tipo de instalación	Investimento elixible máximo
Paneis planos	1.500 euros/kW (*)
Tubos de baleiro	1.000 euros/m ² (**)

(*) A potencia en kW calcularase a partir da superficie útil de captación (de apertura) e da curva de rendemento do panel, con temperatura de entrada 45° C, temperatura ambiente 15° C e 800 W/m² de radiación.

(**) Superficie de apertura.

3. Requisitos técnicos por tecnoloxías.

a) Xeotérmica e aerotérmica.

No caso das bombas de calor, os equipamentos que se instalan deberán contar cun coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 3,5,



nas condicións establecidas na norma que lles afecte (UNE- EN 14511:2012, UNE-EN 15316:2010, UNE-EN 16147, UNE-EN 14825:2012, etc). Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia. No caso dos equipamentos que, segundo a normativa específica, deban dispoñer dunha cualificación enerxética, os equipamentos deberán contar cunha cualificación A ou superior, salvo no caso de equipos acumuladores que será B ou superior.

Ademais, en calquera dos casos anteriores, o sistema deberá poder ser considerado como renovable, para o que verificará os requirimentos mínimos incluídos no documento «Prestacións medias estacionais das bombas de calor para a produción de calor en edificios», emitido polo Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, en función das características da instalación. Polo tanto, para xustificar esta condición, deberá achegarse a documentación xustificativa do ensaio para a obtención do COP, do factor de corrección FC e do factor de ponderación FP segundo a zona climática e o tipo de instalación.

b) Solar térmica.

Considéranse neste apartado as instalacións que aproveitan a radiación solar para o quentamento dun fluído mediante paneis solares planos ou tubos de baleiro, sempre que a súa utilización conduza a un aforro dun combustible convencional.

Non serán subvencionables aquelas instalacións destinadas á xeración de auga quente sanitaria (AQS) ou climatización de piscinas que sexan obrigatorias en virtude do Documento básico HE 4-Contribución solar mínima de auga quente sanitaria do Código técnico da edificación (CTE), aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, independentemente da porcentaxe de contribución solar que cubra a instalación solar proxectada nestes usos. Para instalacións afectadas polo CTE que tamén se destinen a outras aplicacións non obrigadas por esta normativa, unicamente se poderá obter axuda pola parte correspondente a estas últimas aplicacións.

As instalacións solares destinadas ao apoio á calefacción no sector doméstico e terciario unicamente serán subvencionables se utilizan emisores de baixa temperatura de deseño (menores de 50° C), como chan radiante, radiadores de baixa temperatura ou *fan coils*.

Non serán subvencionables aquelas instalacións destinadas ao quentamento da auga de piscinas descubertas.



O coeficiente global de perdas do panel solar deberá ser inferior ou igual a 9 W/(m²°C). Os equipos acumuladores deben dispoñer dunha cualificación enerxética clase B ou superior.

Artigo 6. *Compatibilidade das subvencións*

1. As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos Feader e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que, para o mesmo proxecto ou finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros, ...).

2. Coa salvedade anterior, as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada. No caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non excederá do 100 % do importe elixible do proxecto e no caso de que o beneficiario non sexa unha entidade pública (persoas físicas ou xurídicas de dereito privado e as súas agrupacións) a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non excederá do 75 % do importe elixible do proxecto.

3. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 22 destas bases reguladoras.

Artigo 7. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes subscribiranse directamente polos interesados ou por persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2. O prazo de presentación de solicitudes será o establecido no artigo 3 da resolución de convocatoria.

3. Cando as persoas interesadas teñan a consideración de Administración pública, Institucións sen ánimo de lucro ou de pequenas e medianas empresas (PEMES) e as súas agrupacións e asociacións, a presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou ben desde as páxinas web do Inega (<http://www.inega.es>) de conformidade ao establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do



22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Para estes efectos, terá a consideración de Administración pública o sector público autonómico, nos termos definidos no artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia –Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dela dependentes–, así como as entidades locais previstas na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e as entidades delas dependentes.

Para todas as demais persoas interesadas, as solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e na páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

4. O formulario de solicitude (anexo II) só poderá ser cuberto e confirmado acudindo á aplicación informática dispoñible no citado enderezo electrónico. A súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* faise unicamente a efectos informativos. As coordenadas UTM de ubicación da instalación deben referenciarse no sistema ED 50.

5. Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes referidas a proxectos que xa se presentaron en convocatorias anteriores para a mesma finalidade e as que lles foi concedida a axuda correspondente, agás que previamente se renuncie a ela.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



Artigo 8. Documentación complementaria

Xunto coa solicitude todos os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

1. Documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se vai executar o proxecto, ou da dispoñibilidade dos mesmos durante un período mínimo de cinco anos que permitan concretar a situación da finca ou inmovible sobre o terreo.

Os documentos admitidos para acreditar a titularidade son: título de propiedade (copia compulsada ou copia simple), Certificado Catastral, recibo de pagamento do IBI (emitido polo concello ou polo organismo encargado de xestionar o imposto), contrato de arrendamento ou cesión de uso, acompañado de documento que acredite a titularidade do arrendador ou cedente.

2. Fotografías do lugar onde se vai a instalar o equipo.

3. Memoria técnica do proxecto segundo modelo «Memoria técnica bomba de calor» ou «Memoria técnica solar térmica» dispoñible na web do Inega (www.inega.es). O incumprimento do contido mínimo desta memoria, poderá dar lugar á inadmisión a trámite desta solicitude.

No caso das bombas de calor aerotérmicas e xeotérmicas a memoria técnica incluírá entre outros aspectos unha análise das condicións de funcionamento e xustificación técnica do factor de ponderación e factor de corrección para o sistema, segundo o establecido no documento «Prestacións medias estacionais das bombas de calor para a produción de calor en edificios», emitido polo Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, co fin de xustificar que se pode considerar un equipo renovable.

4. Plano de situación onde se indique a localización dos equipamentos e que inclúa o exterior da edificación, indicando a zona da captación.

5. Folla de características dos principais equipos térmicos (bomba de calor e paneis solares).

6. Certificados de rendemento.

- Xeotérmica e aerotermia.

Certificado do coeficiente de rendemento en modo calefacción (COP) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a norma que lles



afecte (UNE- EN 14511:2012, UNE-EN 15316:2010, UNE-EN 16147, UNE-EN 14825:2012, etc). Para acreditar este coeficiente, deberá xuntarse a certificación emitida por Eurovent, a EPHA (Asociación Europea da Bomba de calor) ou por un laboratorio de ensaio acreditado para este tipo de ensaios, segundo a normativa vixente. No caso de Eurovent e da EPHA admitirase a impresión da páxina web na que se poden consultar os datos de potencia e COP do propio equipo ou do ensaiado na serie técnica sempre que se acompañe dunha captura do link no que se pode contrastar a información. Tomarase como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia. No caso dos equipamentos que deban dispoñer dunha cualificación enerxética deberán achegar a documentación xustificativa correspondente.

- Solar térmica.

Resolución de certificación do panel solar en vigor, emitida pola administración competente. Se na resolución de certificación non se recollen de xeito íntegro a seguinte información do panel: marca, modelo, superficie de apertura e coeficientes de rendemento, entregarase a maiores copia do ensaio realizado por unha entidade debidamente acreditada (segundo a Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se fora o caso, a norma que a substitúa) que serviu de base para a emisión da resolución de certificación. No caso dos equipamentos que deban dispoñer dunha cualificación enerxética deberán achegar a documentación xustificativa correspondente.

7. Con independencia do importe do gasto subvencionable, e na procura da moderación de custos propostos, é obrigatorio presentar tres ofertas da instalación que se pretende levar a cabo.

As ofertas deberán ser comparables desde un punto de vista técnico-económico, correspondendo a instalacións con características similares. No caso de que non se escolla a oferta máis vantaxosa desde un punto de vista económico, deberá estar debidamente xustificada a elección, fundamentándose en criterios técnico-económicos. No caso de que a xustificación non sexa a axeitada poderá tomarse como investimento elixible o orzamento correspondente á oferta máis económica.

Deberá remitirse o contido de cada unha das ofertas, e non se admitirá o certificado, informe, invitacións realizadas ou documento similar indicando que se solicitaron e se tiveron en conta tales ofertas na elección da proposta escollida sen que se concrete o seu alcance.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



Non será necesario acreditar as 3 ofertas no suposto de que polas especiais características dos gastos que se subvencionan non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, debendo o beneficiario neste suposto prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

Non obstante, as administracións públicas non deberán presentar tres ofertas cando estean obrigadas a tramitar un procedemento de contratación pública dos previstos no artigo 138.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, séndolles de aplicación o previsto no artigo 20.7 das presentes bases no momento da xustificación final.

No caso do sector público autonómico, integrado -de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia-, pola Administración xeral da comunidade autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do seu sector público, será de aplicación o previsto no artigo 23.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en relación á non vinculación das empresas convidadas.

8. As administracións públicas, ademais da documentación sinalada nos puntos anteriores, deberán achegar:

- a) Acreditación do nomeamento ou da elección do representante da entidade solicitante.
- b) Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede.
- c) No caso das administracións locais, certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que a data de sinatura do certificado implicará que a data de remisión das respectivas contas ao Consello de Contas se efectuou en todo caso nunha data anterior á emisión do certificado.
- d) Fotocopia do NIF da entidade solicitante, so no caso de denegar expresamente a súa consulta.

9. As empresas, ademais da documentación sinalada nos puntos 1 a 3, cando non se atopen obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexis-



tro público, presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente e tamén documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización de algunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia. (Non é necesario no caso de que o solicitante sexa unha empresa pública).

10. As entidades privadas sen ánimo de lucro, ademais da documentación sinalada nos puntos 1 a 3, deberán aportar a documentación que acredite a representación con que se actúa.

11. As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, ademais da documentación sinalada nos puntos 1 a 3, deberán achegar:

a) Documentación que acredite a súa constitución.

b) Documentación que acredite a representación con que se actúa.

c) Documento no que consten os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes, así como o importe de subvención que vai a aplicar cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios mediante a presentación do anexo III, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cumprimentarse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

12. Calquera outra documentación adicional que o interesado considere conveniente para a correcta avaliación do proxecto.

13. A documentación complementaria presentarase electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o co-texo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Cando as persoas interesadas non teñan a consideración de Administración pública ou de pequenas e medianas empresas (PEMES) a documentación complementaria tamén

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións publicase e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentación separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar por parte da persoa solicitante ou representante, de forma electrónica, superase os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na Sede electrónica da xunta de Galicia e na paxina web do Inega publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

14. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Instrución do procedemento*

1. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria o Inega requirirá ao interesado para que a emende, tales requirimentos de emenda, así como calquera tipo de notificación ao interesado realizarase a través de medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. De maneira que cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorran 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

A notificación do requirimento de emenda practicarase do seguinte xeito:

– Enviaráselle ao interesado ao enderezo de correo electrónico que facilita no formulario de solicitude un aviso no que se lle indica a posta a súa disposición desta notificación.

– Poderá acceder á citada notificación no taboleiro electrónico dispoñible na aplicación informática habilitada para estas axudas co usuario e contrasinal do solicitante, desde a páxina web do Inega (www.inega.es).

A documentación á que se refire a emenda presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>) ou da páxina web do Inega (www.inega.es) acudindo a aplicación informática habilitada para estas axudas. Para poder realizala é imprescindible que o solicitante ou o representante legal dispoña de DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

2. Cando as persoas interesadas non teñan a consideración de Administración pública ou de pequenas e medianas empresas (PEMES) e non soliciten ou consintan expresamente a comunicación electrónica, o Inega efectuará os requirimentos de emenda ou calquera outro tipo de notificación ao interesado conforme ao disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispoñendo o interesado dun prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles para contestar ao requirimento, se non o fixera entenderase por desistido da súa solicitude.

Presentarán a documentación correspondente a xustificación en soporte papel en calquera dos lugares ou rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na cabeceira da primeira folia do documento que se quere enviar para garantir que a data de remisión é anterior á finalización do prazo de presentación.

3. Igual requirimento efectuarase no suposto de resultado negativo da consulta efectuada a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



Social (TXSS); consellería competente en materia de economía e facenda; Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos.

4. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores deste artigo, poderá requirirse ao solicitante para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

5. Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración. Aqueles que non cumpran coas esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de non admisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.

Artigo 10. *Non obrigatoriedade de presentar determinada documentación*

Non será necesario que os solicitantes presenten a documentación que xa conste en poder do Inega, sempre que indiquen o código de expediente ou outros datos que permitan localizala e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Artigo 11. *Consentimentos e autorizacións*

1. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a presentación da solicitude de axuda leva consigo o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas,

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



así como as sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos no citado rexistro, que depende da Consellería de Facenda.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deberá emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

5. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou información previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 12. *Beneficiarios*

1. Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións:

a) As entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



b) A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dela dependentes.

c) As persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, as súas agrupacións e asociacións.

2. Quedan excluídas aquelas empresas que non teñan a consideración de PEMEs, segundo os termos definidos no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014 polo que se declaran determinado tipo de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado. Os datos para o cálculo de efectivos, os importes financeiros e o período de referencia serán os referidos nos artigos 4 e 5 do anexo I do citado Regulamento.

3. As empresas deberán cumprir co criterio de autonomía, nos termos que se establecen no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.

4. Se as empresas non tivesen o domicilio social en Galicia, deberán acreditar, cando menos, a existencia dun centro de traballo ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da comunidade autónoma.

5. Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberanse cumprir, a máis tardar, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

6. Non poderán obter a condición de beneficiarias as empresas suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivera declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

7. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin as empresas excepcionadas do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, e máis do Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da agricultura.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



8. As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas de dereito privado deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Estas agrupacións non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. *Intensidade da axuda*

1. A intensidade máxima da axuda, segundo tipo de beneficiario, será a seguinte:

O 75 % para o caso de administracións públicas.

O 50 % para as persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro.

O 40 % para as medianas empresas, incrementándose en 10 puntos porcentuais para as pequenas empresas.

2. A contía máxima da axuda por proxecto será de 50.000 € no caso das bombas de calor xeotérmicas e de 20.000 € na aerotermia e solar térmica.

A contía total de axuda establecida para as axudas *de minimis* concedidas a unha única empresa, nun período máximo de tres anos, fíxase en 200.000 €, agás para as empresas do sector agrícola que se fixa en 15.000 € e para as empresas de transporte de mercaderías por estrada por conta allea en 100.000 €.

Artigo 14. *Órganos competentes*

1. A Xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións, e corresponde ao director do Inega ditar as diferentes resolucións que se deriven de dito procedemento.

2. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración. Aqueles que non cumpran coas esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.



Artículo 15. Comisión de valoración e criterios de valoración das solicitudes**A) Comisión de valoración.**

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou, se é o caso, a denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

- a) O Xerente do Inega.
- b) Un xefe de Area do Inega.
- c) Dous técnicos do Inega .

3. No documento co resultado da avaliación que elabore a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a puntuación que lles corresponde así como o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible nos diferentes tipos de actuacións que se subvencionan.

4. Non serán subvencionables os proxectos que acaden unha puntuación inferior a 30 puntos por considerarse que non cumpren suficientemente a finalidade da convocatoria.

B) Criterios de valoración.

1. Eficiencia dos equipos principais da instalación (ata 33 puntos).

Neste apartado avaliaranse os coeficientes de rendemento enerxético dos principais equipos, COP no caso das bombas de calor e o rendemento de paneis solares en termos de kW/m², rendemento obtido a partir dos coeficiente de ensaio indicados no apartado 8.

No caso das bombas de calor outorgarase unha puntuación de 0 puntos para as bombas de calor con COP de 3,5 e a máxima puntuación para ás de COP igual ou superior a 5. O resto de bombas de calor puntuaranse proporcionalmente.

No caso dos paneis solares outorgarase unha puntuación de 0 puntos para os paneis solares con rateo igual ou inferior a 0,4 kW/m² e a máxima puntuación para os iguais ou superiores a 0,55 kW/m². O resto de paneis solares puntuaranse proporcionalmente.



2. Rateo de inversión-potencia da instalación (ata 33 puntos).

Outórgase 0 puntos aos proxectos cuxo rateo inversión/potencia supere o 120 % do custe máximo elixible que lle corresponde polas súas características e a puntuación máxima para aqueles cuxo rateo sexa inferior ao 80 % do custe máximo elixible. O resto dos proxectos puntuaranse proporcionalmente.

3. Localización xeográfica do proxecto (ata 34 puntos).

Valoraranse os proxectos que se desenvolvan en zonas economicamente menos favorecidas, utilizando os datos mais recentes dispoñibles polo IGE da renda dispoñible bruta por habitante dos municipios galegos. En concreto utilizaranse os datos correspondentes ao ano 2009 que se poden descargar da web do Instituto de Estatística na dirección: www.ige.eu no apartado Economía/Sistema Contas/Renda dos fogares municipais en formato excel. Outórgase 0 puntos aos proxectos situados no concello que teña a máxima renda dispoñible bruta por habitante de Galicia, e a puntuación máxima ao de menor. O resto dos proxectos puntuaranse proporcionalmente.

Artigo 16. *Resolución das solicitudes*

1. Elaborada a relación prevista no artigo 15.A.3 destas bases, e sempre con anterioridade á resolución do procedemento, efectuarase o trámite de audiencia, por un prazo de 10 días. Cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, prescindirase do trámite de audiencia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será o establecido no artigo 4 da resolución de convocatoria.

3. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, estarase ao sinalado no artigo 33.7 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

4. Con carácter xeral, non se enviarán notificacións postais e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, no caso das resolucións de concesión da subvención poderase substituír a notificación individual pola publicación no DOG e na páxina web do Inega. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

Deberase tamén informar aos beneficiarios de que esta actuación subvencionase con fondos Feader dentro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR),



medida 7 «actuacións dirixidas á mellora dos servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais».

Artigo 17. *Aceptación e renuncia*

1. Transcorridos 10 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da resolución sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. No caso de que o beneficiario dunha subvención desexe renunciar á axuda concedida para a súa solicitude deberá notificalo mediante o anexo V, polos medios establecidos no artigo 7 das bases segundo o tipo de beneficiario de que se trate, comunicando este feito co fin de proceder ao arquivo do expediente.

No caso de que se comunicase a renuncia, dítarase a correspondente resolución que se notificará o interesado, de conformidade co procedemento establecido no artigo 9 destas bases reguladoras.

Artigo 18. *Obrigas dos beneficiarios*

1. Son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras e na resolución de concesión.

2. Cando un beneficiario non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención. A renuncia efectuarase mediante a presentación do anexo IV que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cumprimentarse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

3. O beneficiario está obrigado a respectar o destino do investimento, polo menos, os cinco (5) anos posteriores á data da resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso no que se aplicarán estes.

4. Os bens subvencionados quedarán afectos á actividade subvencionada un mínimo de cinco (5) anos desde a resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso no que se aplicarán estes.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



5. O beneficiario deberá cumprir as medidas en materia de información e comunicación, sobre o apoio procedente dos fondos Feader, recollidas no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo a axuda ao desenvolvemento rural a través de Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (Feader).

Cando unha operación financie no marco do Feader, o beneficiario asegurarse que as partes que interveñen na operación foron informadas de dito financiamento. O beneficiario anunciará claramente que a operación que se está executando foi seleccionada no marco do PDR- Galicia cofinanciado polo Feader.

6. O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos e está obrigado a facilitar a información que lle requira o Inega e a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

7. Os beneficiarios estarán obrigados a levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado.

8. Os beneficiarios no marco das medidas de desenvolvemento rural comprometerase a proporcionar á Autoridade de xestión, ós avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegara a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades (artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013).

9. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades instrumentais, no caso de resultar beneficiarias de subvención e sempre que non estivesen orzamentados inicialmente, deberán xerar o correspondente crédito polos ingresos que se produzan.

Artigo 19. *Prazos de execución das instalacións*

1. A execución da instalación deberá respectar a data de inicio establecida no artigo 2.1 do anexo I destas bases. E a data de finalización establecido no artigo 5.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



2. Permitirase que o beneficiario subcontrate con terceiros a execución total ou parcial da actuación que se subvenciona nos termos recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. Xustificación e pagamento das axudas

1. Os documentos de xustificación deberán presentarse dentro do prazo que lle corresponda ao expediente segundo o establecido no artigo 19, debendo estar, nese momento, os investimentos plenamente realizados, operativos e verificables.

2. Para o cobramento da subvención concedida, beneficiario deberá presentar toda a documentación que se sinala nos puntos seguintes deste artigo e solicitará o pagamento mediante a presentación do anexo V, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cumprimentarse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

3. A documentación correspondente á xustificación do investimento realizado presentarse de forma electrónica a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>) ou da páxina web do Inega (www.inega.es).

Cando as persoas interesadas non teñan a consideración de Administración pública ou de pequenas e medianas empresas (PEMES) poderán presentar a documentación correspondente a xustificación en soporte papel en calquera dos lugares ou rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na cabeceira da primeira folla do documento que se quere enviar para garantir que a data de remisión é anterior á finalización do prazo de presentación.

4. Para xustificar cada un dos gastos realizados achegaranse as facturas ou documentos probatorios de valor equivalente –debidamente desagregadas por conceptos ou unidades de obra–, e os documentos xustificativos que aseguren a efectividade do pagamento

Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

a) Xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo polo portelo, certificación bancaria), no que conste



o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

b) Efectos mercantís que permitan o pago aprazado. Neste caso, achegarase copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pago do efecto, etc.) na que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

c) Non se admitirán en ningún caso como xustificantes os documentos acreditativos obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

d) Tanto a data das facturas como a dos xustificantes de pago deberán estar comprendidas dentro do período de execución dos investimentos, é dicir, a partir do día en que foi presentada a solicitude de axuda e ata aquel en que remate o prazo que lle corresponda á instalación en función dos previstos no artigo 19, sempre co límite da data máxima que figura na resolución de convocatoria, que será a última data posible aínda que polo cómputo lle correspondese unha posterior.

5. Non se admitirán os supostos de autofacturación e, en relación coas empresas ou entidades vinculadas co beneficiario que executasen total ou parcialmente as actuacións subvencionadas, deberán concorrer as dúas circunstancias previstas no artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- b) Que se obteña a pertinente autorización por parte do órgano xestor.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos contemplados nas letras a), b) e c) do artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Non se admitirán pagos en metálico.

7. No caso dunha factura cuxo pago se xustifique mediante varios documentos de pago, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pago.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



8. No caso das administracións públicas e as entidades delas dependentes, caso de ser beneficiarias, presentarán unha certificación expedida polo órgano competente, na que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública, así como a dispoñibilidade do expediente para a súa comprobación.

9. Os concellos, para os proxectos de investimentos promovidos polos mesmos, deberán achegar o acordo do órgano municipal competente de aprobación do proxecto nos termos previstos no artigo 198.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural.

10. Achegaranse fotografías dos principais equipamentos instalados.

11. Xustificación de ter dado cumprimento ás obrigas establecidas no artigo 18.5 en relación coa publicidade que o beneficiario lle deberá dar ao financiamento do investimento que se subvenciona.

12. Nos proxectos de enerxía xeotérmica o promotor deberá xuntar á xustificación a/s correspondente/s certificación/s de obra do sistema de captación asinada/s por un técnico conforme ao modelo dispoñible na web do Inega www.inega.es.

13. Sempre que sexa obrigatorio para a posta en servizo da instalación, esta deberá estar autorizada ou inscrita no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria. No caso de que a instalación non estea definitivamente inscrita no rexistro correspondente dentro do período de xustificación, si deberá terse solicitada a dita inscrición, achegando a solicitude de inscrición dentro do prazo previsto para a xustificación dos investimentos (a partir do día en que se presente a solicitude de axuda e ata aquel en que remate o prazo que lle corresponda á instalación en función dos previstos no artigo 19, sempre co límite da data máxima establecida na resolución de convocatoria).

14. Poderanse solicitar ao beneficiario as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes. Feito o oportuno requirimento, se transcorrido o prazo concedido para o efecto o beneficiario non os presentase, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobramento da subvención.

15. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvención de Galicia, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez (10) días para a súa corrección.



16. Transcorrido o prazo establecido na convocatoria para a xustificación dos investimentos sen terse presentado esta, requirirase ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comporta a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades que derivan da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Modificación da resolución de concesión da subvención*

1. Toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da subvención concedida debendo o promotor notificalo mediante a presentación do anexo VI que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cumprimentarse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

En particular, a variación do orzamento aceptado polo Inega e a obtención concorrente de subvencións, axudas ou recursos outorgados por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. Tamén dará lugar á modificación da subvención a alteración das condicións establecidas na resolución de adxudicación da subvención. Unha vez recaída a resolución de concesión e, en todo caso, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo para xustificar o investimento, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido.

2. Para a modificación da resolución de concesión non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución tiveron lugar con posterioridade a ela.

3. Os beneficiarios terán a obriga de comunicar ó Inega calquera alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención.

4. A modificación poderase autorizar sempre que:

a) a modificación solicitada non desvirtúe a finalidade da axuda e non supoña incremento do orzamento.

b) non exista prexuízo a terceiros.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



c) os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación, de concorrer na concesión inicial, non supuxeran a denegación da axuda.

Artigo 22. *Redución adicional*

1. Os pagos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante a comprobación efectuada polo Inega.

O Inega eximirá a solicitude de pago presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais, fixará:

a) O importe a pagar ao beneficiario en función da solicitude de pago e a decisión de concesión.

b) O importe a pagar ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do custo que figura na solicitude de pago.

Se o importe fixado conforme a letra a) supera o importe fixado conforme a letra b) do mesmo parágrafo en máis dun 10 % aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado conforme a letra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

2. A sanción administrativa mencionada no apartado 1 aplicarase aos gastos non admisibles detectados durante as comprobacións efectuadas polo Inega. Os custes examinados serán os custes acumulados contraídos con respecto a operación de que se trate. Isto entenderase sen prexuízo dos resultados dos anteriores controis das operacións de que se trate (artigo 63 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión).

Artigo 23. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado concesión de subvencións cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a xerencia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Xerencia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa Avelino Pousa



Antelo, nº 5, Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a: inega.info@xunta.es.

Artigo 24. *Comprobación de investimentos*

As operacións de investimento, de ser o caso de acordo co Plan Galego de Controis Feader en vigor, incluírán unha visita in situ para comprobar o remate da operación obxecto da solicitude de pago. Os gastos xustificadas deben coincidir cos compromisos adquiridos segundo a resolución de concesión da subvención.

Artigo 25. *Moderación de custos*

En aplicación do disposto no artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 48.2.d do Regulamento 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, o órgano instructor poderá comprobar en calquera momento, e particularmente nas fases de instrución e de xustificación, a moderación dos custos ou valor de mercado dos gastos subvencionables e xustificadas mediante a comparación de ofertas comerciais ou de custos de proxectos similares, prezos coñecidos de mercado ou por calquera dos medios previstos no artigo 30.5 da LSG.

Artigo 26. *Reintegro da subvención*

1.- Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a esixencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. Estes xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución (Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo).

2. Tendo en conta o artigo 14.1.n) da LSG, se o incumprimento atañe ao mantemento do ben, a cantidade a reintegrar será proporcional ao tempo de incumprimento da actividade ou requisito esixido, aplicándose a razón do 3 % por cada mes de incumprimento, ata acadar os dous anos, transcorridos os cales deberán reintegrar a totalidade das cantidades cobradas.

3. O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

CVE-DOG: ht1j0sg7-98u3-upr2-clp2-pi7c1dks3bq6



Artigo 27. *Non execución ou xustificación do proxecto*

Aqueles beneficiarios das axudas que á data máxima de remate e xustificación da operación prevista no artigo 19 non houberan renunciado expresamente á mesma e non executaran nin xustificaran o proxecto, sen causa debidamente xustificada e comunicada ó Inega, quedarán excluídos das dúas seguintes convocatorias para proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia nas que poidan ser beneficiarios.

Artigo 28. *Réxime sancionador*

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e desenvolto no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 e ao disposto no Título V do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 de la comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Artigo 29. *Normativa de aplicación*

Na medida en que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras están previstas pola UE, rexeranse, entre outras, polas seguintes normas:

Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015.

Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005.

Regulamento (CE) nº 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, modificado polos Regulamentos (CE) nº 1175/2008, do 27 de novembro, 363/2009, do 4 de maio, 482/2009, do 8 de xuño, 108/2010, do 8 de febreiro, e 679/2011, do 14 de xullo, da Comisión.

Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.



Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da agricultura.

Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Así mesmo, rexeranse pola normativa aplicable ás axudas e subvencións na Comunidade Autónoma, en particular a seguinte:

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 30. *Réxime de recursos*

As resolucións dos procedementos instruídos ao abeiro destas bases esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o director do Inega, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de tres meses a contar desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN421A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO BLOQUE		ANDAR PORTA	
CP PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE			
PARROQUIA				LUGAR			
TELÉFONO		FAX		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO BLOQUE		ANDAR PORTA	
CP PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO (para cubrir só no caso de que o/a promotor/a sexa unha PEME)							
SECTOR INDUSTRIAL				CNAE			
Nº DE EMPREGADOS				BALANCE XERAL ANUAL		VOLUME DE NEGOCIOS	
A persoa solicitante ten a consideración de "empresa autónoma", por non poder cualificarse como empresa asociada, nin como empresa vinculada, segundo se define no anexo I do Regulamento 651/2014, da Comisión do 17 de xuño de 2014 (DO L 187 do 26.06.2014) ☐ SI ☐ NON (*) NOTA: no caso de que a empresa non teña a consideración de autónoma, deberá achegar as contas e a documentación necesaria para proceder ao cálculo dos efectivos das empresas asociadas e/ou vinculadas, ou ben, se existen, as contas consolidadas onde consten os datos das citadas empresas							

DATOS DO PROXECTO							
☐ INSTALACIÓN XEOTÉRMICA ☐ INSTALACIÓN AEROTÉRMICA ☐ INSTALACIÓN SOLAR TÉRMICA							
NOME DO PROXECTO							
ENDEREZO DO PROXECTO							
CP PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE			





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II (continuación)

DATOS DO PROXECTO (continuación)

COORDENADAS UTM X (ED 50)	COORDENADAS UTM Y (ED 50)	REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE UBICA A INSTALACIÓN
DATA DE PRIMERA CONSTRUCCIÓN DO INMOBLE NO QUE SE SÍTUA A INSTALACIÓN	DATA DA ÚLTIMA REFORMA DE CONSIDERACIÓN DO INMOBLE NO QUE SE SÍTUA A INSTALACIÓN	

DATOS A CUBRIR CANDO SE TRATE DE INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS OU AEROTÉRMICAS

TIPOLOXÍA

GRUPO: (Descrición grupo, tipo de beneficiario, cuberto pola aplicación)

INSTALACIÓN XEOTÉRMICA: ☐ TIPOLOXÍA A1 (intercambio horizontal) ☐ TIPOLOXÍA A2 (intercambio vertical)

INSTALACIÓN AEROTÉRMICA: ☐ TIPOLOXÍA AIRE/AGUA ☐ TIPOLOXÍA AIRE/AIRE

APLICACIÓN

COMBUSTIBLE A SUBSTITUÍR (en instalacións existentes)

	TIPO DE EMISOR ⁽¹⁾	SUP. ÚTIL A CLIMATIZAR (m ²)	DEMANDA TÉRMICA ANUAL (kWh/ano)	TEMPERATURA INTERCAMBIO CALOR (°C)
☐ CALEFACCIÓN				
☐ AUGA QUENTE SANITARIA	NÚM. DORMITORIOS se procede			
☐ CLIMATIZACIÓN DE PISCINAS	DIMENSIÓNS PISCINA (m x m x m)			
☐ APLICACIÓNS AGRÍCOLAS OU GANDEIRAS				
☐ APLICACIÓNS INDUSTRIAIS				
☐ OUTRAS (indicar)				

(1) Seleccionar segundo proceda: chan radiante, radiador convencional, fancoil, outros.

BOMBAS DE CALOR

MARCA	MODELO	Nº EQUIPOS DESTE MODELO A INSTALAR
POTENCIA NOMINAL UNITARIA (kWt) ⁽²⁾	COP EN CONDICIÓNS NOMINAIS (xustificado en documentación) ⁽²⁾	
FACTOR DE CORRECCIÓN (FC) ⁽³⁾	FACTOR DE PONDERACIÓN (FP) ⁽³⁾	
CUALIFICACIÓN ETIQUETA ENERXÉTICA CALEFACCIÓN ⁽⁴⁾	CUALIFICACIÓN ETIQUETA ENERXÉTICA XERADOR ACS ⁽⁴⁾	
OUTRAS BOMBAS DE CALOR UTILIZADAS (no caso de utilizar varios equipos de distintos modelos)		
POTENCIA NOMINAL TOTAL (kWt)		
A INSTALACIÓN INCORPORA ACUMULADOR DE ACS ⁽⁵⁾ ☐ SI ☐ NON		ETIQUETA ENERXÉTICA DO ACUMULADOR DE ACS ⁽⁴⁾

(2) Indicar a potencia e o COP para unhas temperaturas de ensaio de 0/35 °C para xeotermia e 7/35 °C para aerotermia. Os valores deben coincidir cos indicados no certificado emitido por laboratorio independente.

(3) Factores recollidos no documento "Prestacións medias estacionais das bombas de calor para a produción de calor en edificios" elaborado polo IDAE. No caso de combinar varios usos, calcular o FC ponderado cada uso en función da demanda anual prevista.

(4) Seleccionar unha das seguintes cualificacións segundo proceda: A+++, A++, A+, A, B, C, D, E, F, G o Non procede. No caso de seleccionar "Non procede", debe xustificarse por que non é de aplicación. A cualificación seleccionada debe ser acreditada achegando a documentación xustificativa.

(5) Seleccionar segundo proceda: Si ou Non.



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II (continuación)

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Equipamento principal de xeración enerxética (bomba de calor)	
Montaxe e conexiónado	
Accesorios para o correcto funcionamento do sistema	
Só en instalacións xeotérmicas, sistema de captación: sondeos, intercambiadores, tuberías	
INVESTIMENTO TOTAL A REALIZAR sen IVE (€)	
IVE (%)	
INVESTIMENTO TOTAL A REALIZAR con IVE (€)	

OFERTAS SOLICITADAS (deben achegarse as ofertas)

PROVEDOR	MODELO BOMBA DE CALOR OFERTADA	ORZAMENTO (sen IVE)
EMPRESA INSTALADORA ELIXIDA	TELÉFONO	CRITERIO DE ELECCIÓN

ESTADO DA SOLICITUDE E CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

ESTADO DA SOLICITUDE	CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA QUE PODE ASIGNARSE A ESTE PROXECTO (€)

DATOS A CUBRIR CANDO SE TRATE DE INSTALACIÓN SOLARES TÉRMICAS

TIPOLOXÍA

GRUPO: (Descrición grupo, tipo de beneficiario, cuberto pola aplicación)

APLICACIÓNS

☐ AUGA QUENTE SANITARIA	DEMANDA TÉRMICA ANUAL (kWh/ano)	Nº MÁXIMO USUARIOS DIARIO	Nº MEDIO USUARIOS DIARIO
☐ CALEFACCIÓN	DEMANDA TÉRMICA ANUAL (kWh/ano)	TIPO DE EMISOR	SUPERFICIE A CALEFACTAR (m ²)
☐ PISCINA CUBERTA	DEMANDA TÉRMICA ANUAL (kWh/ano)	TIPO DE PECHE	USO (ANUAL/ ESTACIONAL)
☐ INDUSTRIAIS	DEMANDA TÉRMICA ANUAL (kWh/ano)	APLICACIÓN	DIMENSIÓN PISCINA (mxmxm)
☐ AGRÍCOLAS/GANDEIRAS	DEMANDA TÉRMICA ANUAL (kWh/ano)	APLICACIÓN	VOLÚME PISCINA (l)
☐ OUTRAS	DEMANDA TÉRMICA ANUAL (kWh/ano)	APLICACIÓN	TEMPERATURA INTERCAMBIO CALOR (°C)
COMBUSTIBLE A SUBSTITUÍR (en instalacións existentes)			



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II (continuación)

CAPTADORES SOLARES

☐ CAPTADORES PLANOS (CP)

☐ TUBOS DE BALEIRO (TB)

MARCA MODELO Nº EQUIPOS DESTE MODELO A INSTALAR

SUPERFICIE APERTURA UNITARIA (m²) COEF. REND. η_0 COEF. REND. η_1 (W/m²•K) COEF. REND. η_2 (W/m²•K²)

OUTROS CAPTADORES UTILIZADOS (no caso de utilizar varios equipos de distintos modelos)

SUPERFICIE TOTAL DE APERTURA CP (m²) POTENCIA TOTAL CP (kWt) SUPERFICIE TOTAL DE APERTURA TB (m²)

A INSTALACIÓN INCORPORA ACUMULADOR DE ACS ⁽¹⁾ ETIQUETAXE ENERXÉTICA DO ACUMULADOR DE ACS ⁽²⁾

☐ SI ☐ NON

(1) Seleccionar segundo proceda: Si ou Non.

(2) Seleccionar unha das seguintes cualificacións segundo proceda: A+++, A++, A+, A, B, C, D, E, F, G ou Non procede. No caso de seleccionar "Non procede", debe xustificarse por que non é de aplicación. A cualificación seleccionada debe ser acreditada achegando a documentación xustificativa.

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Equipamento principal de xeración enerxética (captadores solares)	
Montaxe e conexiónado	
Accesorios para o correcto funcionamento do sistema	
INVESTIMENTO TOTAL A REALIZAR sen IVE (€)	
IVE (%)	
INVESTIMENTO TOTAL A REALIZAR con IVE (€)	

OFERTAS SOLICITADAS (deben achegarse as ofertas)

PROVEDOR	MODELO CAPTADOR SOLAR OFERTADO	ORZAMENTO (sen IVE)
EMPRESA INSTALADORA ELIXIDA	TELÉFONO	CRITERIO DE ELECCIÓN

ESTADO DA SOLICITUDE E CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

ESTADO DA SOLICITUDE	CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA QUE PODE ASIGNARSE A ESTE PROXECTO (€)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que en relación con axudas *de minimis*:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
7. Que, no suposto de resultar beneficiaria da axuda, coñece e asume a obriga de manter no seu patrimonio o investimento subvencionado durante un período mínimo de cinco (5) anos, a partir do pagamento da axuda, ou, se é o caso, durante a vida útil da instalación se fora inferior ao dito período, quedando obrigada a comunicar de inmediato ao Inega o posible incumprimento da dita obriga, de terse producido, e ao reintegro no dito suposto da axuda percibida.
8. Que o proxecto para o que solicita a axuda está situado na Comunidade Autónoma de Galicia.
9. Que os investimentos para os que se solicita axuda non están iniciados.
10. Que, no caso de ser Pemes, non se atopan en ningún dos casos establecidos no artigo 1 do Regulamento (CE) 1407/2013 ou do Regulamento 1408/2013 do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE relativo ás axudas *de minimis*.
11. Que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional, o que supón a posibilidade de ter en conta a parte correspondente ao IVE no custo total do investimento subvencionado (declaración responsable de exención do IVE).
12. Que, no caso dos proxectos de enerxía solar térmica destinados a xeración de auga quente sanitaria ou climatización de piscinas, a instalación non é obrigatoria en virtude do Documento básico HE 4 - Contribución solar mínima de auga quente sanitaria do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, independentemente da porcentaxe de contribución solar que cubra a instalación para os ditos usos.
13. Que o proxecto para o cal solicita axuda se axusta á normativa vixente e se compromete á obtención de todos os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a súa execución.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- ☐ Documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se vai executar o proxecto, ou da dispoñibilidade dos mesmos durante un período mínimo de cinco anos
- ☐ Fotografías do lugar onde se vai instalar o equipo
- ☐ Memoria técnica da actuación, segundo proceda, conforme ao modelo dispoñible na web do Inega, www.inega.es
- ☐ Plano de situación onde se indique a localización dos equipos e se inclúa o exterior da edificación, indicando a zona de captación
- ☐ Folla das características dos principais equipos térmicos (bomba de calor e paneis solares)
- ☐ Certificados de rendemento e documentación xustificativa da cualificación enerxética
- ☐ Tres ofertas solicitadas para o proxecto
- ☐ Outra documentación adicional que a persoa interesada considere conveniente



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE (continuación)

Documentación adicional obrigatoria para administración pública

- ☐ Acreditación do nomeamento ou elección da persoa representante da entidade solicitante
- ☐ Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede
- ☐ No caso de administracións locais, certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas tal e como se establece no apartado 4.c do art. 8 das bases reguladoras

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
☐ Copia do NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta	☐			

Documentación adicional obrigatoria para empresas só cando non estean obrigadas a estar inscritas no Rexistro Mercantil ou ben non teñan domicilio social en Galicia

- ☐ Documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgúha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- ☐ Documento constitutivo da sociedade
- ☐ Documento público acreditativo do poder co que actúa a persoa representante da empresa ou entidade solicitante

Documentación adicional obrigatoria para agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de dereito privado

- ☐ Documento no que consten os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, indicando a porcentaxe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios/as (anexo III)
- ☐ Documentación que acredite a súa constitución
- ☐ Documentación que acredite a representación coa que se actúa

Documentación adicional obrigatoria para entidades sen ánimo de lucro

- ☐ Documentación que acredite a representación coa que se actúa

Autorizo ao Inega, de conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Xerencia do Inega, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a inega.info@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



FEADER:
Europa inviste
no rural

Instituto Enerxético de Galicia (Inega)



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

DECLARACIÓN DOS COMPROMISOS DE EXECUCIÓN ASUMIDOS POR CADA MEMBRO DA AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS DE DEREITO PRIVADO

IN421A - PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELLIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA

Que os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, que tamén teñen a condición de beneficiarios/as, son os que se indican a continuación:

[illegible]

SINATURA DA PESSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de _____



GOBIERNO DE ESPAÑA



ALIMENTACIÓN



FEADER: Europa investe no rural

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV

RENUNCIA

IN421A - PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES

TÍTULO DO PROXECTO		NÚMERO DE EXPEDIENTE	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

RECIBIDA NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN	
Pola que se concede unha subvención da convocatoria 2016 aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia con unha porcentaxe do , polo importe de euros, que ten por obxecto a financiación do proxecto denominado:	
con número de expediente	
RENUNCIA EXPRESAMENTE A DITA SUBVENCIÓN	
Polo seguinte motivo:	

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data de de	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO V

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

IN421A - PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES

TÍTULO DO PROXECTO				NÚMERO DE EXPEDIENTE			
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE							
Resultou beneficiario/a da subvención aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de enerxías renovables na convocatoria 2016 para o expediente citado no encabezamento, nos seguintes termos:							
ORZAMENTO ACEPTADO				% AXUDA		IMPORTE DA AXUDA	
DECLARA							
☐ Ter executadas as seguintes partidas e importes do proxecto:							
XUSTIFICANTES PRESENTADOS							
CONCEPTO FACTURADO E ENTIDADE QUE FACTURA	MARCA, MODELO E Nº SERIE DO EQUIPO	Nº FACTURA	DATA FACTURA	DATA DE PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)	IMPORTE (con IVE)	
Importe total xustificado							
☐ Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.							
– O expediente sufriu algún tipo de modificación respecto das partidas subvencionadas? ☐ SI ☐ NON (No caso de resposta afirmativa, deberá achegar memoria explicativa das modificacións realizadas)							
– Que o proxecto executado se axusta á normativa vixente e se obtiveron todos os permisos e autorizacións necesarias para a súa execución.							
SOLICITA							
Se teña por xustificado o importe correspondente do investimento así como o pagamento da axuda máxima que corresponda.							
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA							
☐ Facturas orixinais e xustificantes de pagamento conforme ao establecido no art. 20 das bases reguladoras							
☐ Fotografías dos principais equipamentos instalados							
☐ Xustificación do cumprimento da obriga de dar publicidade ao financiamento do investimento segundo o establecido no art. 18.5 das bases reguladoras							
☐ Permisos, inscricións ou licencias conforme ao establecido no art. 20.13 das bases reguladoras							
☐ Nos proxectos de enerxía xeotérmica, certificación do sistema de captación conforme ao modelo dispoñible na web do Inega							
☐ Certificación do/da secretario/a ou interventor/a, segundo o establecido no art. 20.8 das bases reguladoras (só no caso de Adm.Pública)							
☐ Acordo do órgano municipal competente de aprobación do proxecto nos termos previstos no artigo 198.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural							
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE							
Lugar e data 							

galicia



FEADER:
Europa inviste
no rural



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO VI

SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN

IN421A - PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES

TÍTULO DO PROXECTO		NÚMERO DE EXPEDIENTE	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

DECLARA

Que o expediente citado no encabezamento resultou beneficiario da subvención aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de enerxías renovables na convocatoria de 2016.

SOLICITA

A modificación da resolución de concesión da subvención polo seguinte motivo (sinalar o que proceda):

- ☐ Modificación da persoa titular ou promotora do expediente: ¹
 - Documento público ou privado no que quede reflectido o traspaso de compromisos asumidos coa aceptación da subvención
 - Documentación acreditativa da personalidade do/da cesionario/a
- ☐ Modificación no orzamento do expediente: ^{1,2}
 - Novo orzamento proposto para os gastos necesarios para a execución do proxecto
 - Relación das tres ofertas solicitadas e elixidas
- ☐ Modificación no financiamento do expediente: ¹
 - Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto
- ☐ Outros:

1 Xunto con esta solicitude deberase acompañar a seguinte documentación.
2 Naqueles expedientes nos que é necesario proxecto técnico de execución, debe entregarse copia do novo orzamento asinado polo persoal técnico redactor do mesmo.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

